

Só os destinos de sol e praia incrementan resultados empresariais

Santiago. Só nas comunidades autónomas de sol e praia (Canarias, Baleares, Andalucía, Cataluña, a Comunidade Valenciana e Murcia) ademais de La Rioja, se identifica un incremento dos resultados empresariais en 2013 respecto aos niveis de 2012, segundo o informe Perspectivas N47 realizado por **Exceltur**. Menorca, Lanzarote, a Costa de Almería,

a Costa do Sol e os hotéis de maior categoría de Gran Canaria e Tenerife, Ibiza e Mallorca foron os destinos que máis se beneficiaron do aumento de demanda estranxeira con crecemento nos ingresos por habitación dispoñíbel (REV PAR) por riba do 5%.

Baleares e Canarias pechan o ano 2013 como os destinos españois co mellor balance turístico. Non

é o caso de Galicia, que sofre pola atonía da demanda interna –como as comunidades autónomas de interior e do norte de España, salvo La Rioja– e que pecha o exercicio con descensos nas súas vendas e resultados. No caso galego caen as vendas no 78,3% das empresas turísticas e o REV PAR baixa o 0,3%.

Dentro dos destinos urbanos, Santiago de Com-

postela figura entre as capitais nas que descenden os ingresos por habitación dispoñíbel en 2013, cun 4,5 por cento. Entre as cidades nas que crecen eses ingresos por habitación figura A Coruña, co 2,6%.

ACTIVIDADE INFERIOR. A actividade turística creceu o ano pasado un 0,6% e provocou a creación dun total de 22.394 empregos, gra-

zas “en exclusiva” ao crecemento da demanda externa que achegou máis de 60,4 millóns de turistas, co que se logrou compensar un novo descenso do consumo turístico dos españois.

Estes son as estimacións facilitadas onte, en rolda de prensa, pola Alianza para a excelencia turística **Exceltur**, que superan á alza as súas previsións de crecemento dun 0,2% para 2013.

A pesar destes datos, o vicepresidente executivo da Alianza, José Luis Zoreda, advertiu de que non se pode caer “nin en triunfalismos, nin auto compracencias” porque o 2013 pechou en termos reais cuns niveis de actividade inferiores en 9 puntos ós do inicio da crise en 2007, 3 puntos máis das perdas rexistradas polo conxunto da economía española. **REDACCIÓN**